

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expte. PLN/2020/9: *Suspensión sesión plenaria do 26/11/20 e aprazamento.*

ANTECEDENTES

1º) Por Resolución da Alcaldía nº 483/20, de data 20/11/20, o Sr. Alcalde delegou no 1ª Tenente Alcalde, D. Ramón A. Fernández Garrido, as súas funcións dende o 20 ao 29 de novembro de 2020, con motivo de corentena no seu domicilio por contacto estreito con un positivo en COVID-19.

2º) Que no día de hoxe por outro membro da Corporación comunicouse a corentena no seu domicilio.

3º) Consensuado co grupo municipal do BNG, acordouse o aplazamento da sesión ordinaria do Pleno do Concello polas causas sanitarias reflexadas.

A vista da situación actual e coa finalidade de salvagardar a saúde dos membros da Corporación e prever a expansión do virus, en exercicio das atribucións que me confire a normativa local vixente e en especial os artigos 21.1.m e s da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro. Suspender a realización do Pleno ordinario previsto para o día 26 de novembro de 2020.

Segundo. Esta sesión plenaria e os asuntos incluídos na mesma se pospoñen a unha sesión que se realizará en data futura, non podéndose determinar no momento actual a data en que se celebrará.

Terceiro. Notificar esta resolución aos membros do Pleno e publicala no Taboleiro de Anuncios e na paxina web municipal.

O ALCALDE ACCTAL.

Ante min, a Secretaria

Documento asinado dixitalmente á marxe.

